

GUÍA DIDÁCTICA



O proxecto *A nosa música* é un curso de Aula Virtual Moodle. Consta de once temas a través dos cales se fai un percorrido pola definición, tipoloxía e aspectos máis característicos e distintivos da música tradicional de Galicia, abordando así mesmo a súa relación directa co baile e con outros aspectos da cultura, como as festas, o ciclo anual labrego...

Malia que podemos tratar cada tema por separado, propoñemos esta orde:

1. Que é a música tradicional?
2. Os instrumentos
3. O ciclo da vida: arrolos e regueifas
4. O Nadal
5. Os cantos de traballo
6. As danzas
7. O baile solto I: a muiñeira
8. O baile solto II: a xota
9. O baile agarrado
10. Romances e cantos de cego
11. Agora... a bailar!

Todos os capítulos _agás o 1, o 2 e o 11_ seguen a mesma estrutura, cun apartado de CONTIDOS, nun libro tipo Moodle:

I) **Introdución**: empézase cunha copla tradicional e unha imaxe antiga alusiva, seguidas dunhas preguntas e comentarios arredor para que o alumnado vaia focalizando a súa atención, reflexione e amose inquietude por aprender.

II) **Que é?**: continuamos coa explicación do tema abordado, presentando os datos dun xeito claro e cos conceptos destacados en negrita. En varios ODEs foi preciso dividir a información en varias subpáxinas (Que é? I, II, III).

Complementáanse varios capítulos con audios incrustados ou enlazados (a 'soundcloud') e enlaces a vídeos ilustrativos ou que resumen varios aspectos. Varios deles creáronse para o proxecto e figuran na conta de 'youtube' [musicatrazo](#).

III) **Nunha ollada**: por medio dunha infografía preséntase o tema dun xeito esquemático, lúdico e moi visual.

IV) **Dálle marcha!**: preséntase unha partitura do repertorio tradicional arranxado adaptado para voz e/ ou frauta ou outro instrumento Orff.

V) **Canto sei!**: trátase de actividades que avalían o aprendido, presentadas en formato H5P.

Os capítulos 1, 2 e 11 prescinden unicamente do apartado IV. Constan dunha compoñente teórica máis ampla, unha ou máis infografías e un conxunto completo de actividades.

Ademais, todos os temas constan dun proba tipo Moodle, no apartado CUESTIONARIO.

Un último tema inclúe o apartado de Créditos e Bibliografía de todo o proxecto e os H5P para poder descargar por separado e a documentación adicional.

1. Obxectivos e aspectos curriculares

O proxecto supón a reelaboración do traballo do mesmo nome e autor, que se levara a cabo na primavera de 2017. Daquela elaborárase dirixido a:

_Obradoiro de Música, materia de libre configuración autonómica para 1º ESO

Unha vez realizado, consideramos que o material didáctico pode ser igualmente empregado nestras materias, valorando o persoal docente a dificultade das actividades e a práctica musical proposta:

_Música, 2º ESO, 3ºESO e materia optativa de 4º ESO.

_Educación artística (Música), 5º EP e 6ºEP.

Calquera destas materias, como continuación da formación musical ao longo da Educación Primaria, permitirán ampliar e desenvolver en contextos diversos, os coñecementos e capacidades para gozar da música como creador/a, como intérprete e como oínte.

Destaca o valor socializador e de traballo en conxunto que a interpretación musical propicia, contribuíndo á integración e ao desenvolvemento persoal do alumnado.

A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia e tamén o material que propoñemos, alternando a teoría, escoita activa e a interpretación canda á linguaxe musical dunha forma eminentemente práctica.

As TICs, xunto coa creación musical, poden ser un recurso importante para indagar, para obter información e para comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e culturas, facendo fincapé na nosa herdanza cultural galega como base sobre a que xerar unha identidade musical nos noso estudantado.

No desenvolvemento deste material teremos en conta o principio de igualdade por razón de xénero fomentando as vocacións musicais libres de estereotipos e prexuízos sexistas, polo tanto tentouse que as letras de cancións non

fomentasen o machismo, ao tempo que se afonda no rico patrimonio de literatura oral de noso.

Preténdense os obxectivos seguintes:

- Utilizar de forma autónoma unha fonte de información TIC para o coñecemento e posta en valor da riqueza da música tradicional de Galicia.
- Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural. Examinar as súas intencións e funcións e aplicar a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
- Informarse da ampla variedade da música tradicional galega. Apreciar o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal, e interesarse por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais.
- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos da aula de Música e desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.
- Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento.
- Valorar o silencio e o son como parte integral do medio ambiente e da música.

Afinando máis a exposición de obxectivos que se pretenden, indícanse os seguintes:

Canción e voz

- Cantar individual e colectivamente cancións ao unísono, con *ostinati* rítmicos e melódicos, do repertorio tradicional, tendo en conta a musicalidade, precisión rítmica, a afinación e o texto.
- Memorizar as cancións, escoitando, imitando e interpretando.
- Recoñecer cancións polo ritmo ou a melodía.

- Acompañar cancións con pulsacións e ritmos que conteñan as figuras e grupos rítmicos traballados.
- Relacionar, comparar e clasificar cancións tradicionais galegas partindo de diversos criterios.
- Relacionar a canción con outras áreas do ensino.
- Ter unha boa actitude corporal nas interpretacións musicais, tanto ao cantar como ao tocar instrumentos.
- Prestar atención ás indicacións do director ou directora.
- Respetar e participar no traballo colectivo.

Linguaxe musical

- Mostrar curiosidade e interese polo feito sonoro.
- Observar o valor do silencio na música e valorar o propio silencio e dos demais.
- Saber identificar e aplicar matices de intensidade (forte, medio forte e suave) nas interpretacións musicais.
- Distinguir graficamente as figuras e grupos rítmicos: *negra, dúas corcheas, silencio de negra, branca, pausa de branca, catro semicorcheas, corchea con punto e semicorchea, pausa de corchea, redonda, corchea e dúas semicorcheas, tresillo*.
- Sincronizar con movemento nas series e combinacións rítmicas en métrica binaria e ternaria, marcando as diversas pulsacións.
- Recoñecer os compases 2/4, 3/4 e 4/4 graficamente e auditivamente en pezas moi marcadas.
- Practicar, por imitación, combinacións rítmicas e/ou melódicas.
- Manter interiormente un ritmo, unha melodía ou un fragmento dunha canción ou audición.
- Interpretar pequenas composicións e acompañamentos musicais (con ou sen grafía) a partir das posibilidades rítmicas, melódicas e tímbricas ao seu alcance.
- escoitar e interiorizar ritmos e/ ou melodías traballados.

- Combinar de maneira creativa os elementos aprendidos.
- Interpretar os elementos de expresión aprendidos.
- Interesarse polo uso da grafía musical.

Audición e danza

- escoitar música en directo e gravada.
- Identificar obras e compositores de entre as audicións escoitadas.
- Comparar e distinguir o son de instrumentos por familias e voces.
- Mostrar interese por escoitar con atención e en silencio.
- Apreciar o ambiente sonoro da clase e ser consciente da importancia do silencio.
- Moverse libremente, expresando co corpo o que suxire a música.
- Coordinar e adecuar o movemento á pulsación de músicas gravadas ou interpretadas en directo.
- escoitar e bailar danzas adecuadas.
- Gozar da escoita e interpretación de danzas.
- Controlar e respectar os tempos de movemento e os de repouso.

2. Metodoloxía e orientacións didácticas

Lembramos que, malia estar pensado como un proxecto uniterio, cada un dos temas pódese traballar de xeito autónomo.

Preséntanse asemade en cada tema (agás en tres) o apartado 'Dálle marcha!', onde se presenta unha partitura para traballar a linguaxe musical, pero sobre todo para a práctica vocal e/ ou instrumental. Escolléronse temas musicais representativos con interese por seren pouco frecuentes ou que poden resultar atractivos para o alumnado.

Ao final de cada tema hai unha serie de actividades interactivas H5P. Estas pretenden afianzar as aprendizaxes do alumnado, que pode ler de novo e repasar aquilo no que errou, e serve tamén para que o profesorado avalíe o proceso de aprendizaxe. Ademais, todos os temas incorporan unha proba tipo Moodle no apartado CUESTIONARIO.

Para a abordaxe e desenvolvemento do material didáctico presente neste traballo poden ser utilizados dous procedementos metodolóxicos fundamentais; no primeiro deles, a persoa docente presentará os contidos de cada un dos temas segundo o previsto na súa organización curricular e, posteriormente, o alumnado (de maneira individual ou en grupos) procederá á realización do bloque de actividades de cada tema. Na outra metodoloxía, o ou a docente optará por ser apenas un orientador do traballo de investigación do alumnado. Así, os alumnos e alumnas comezarán a traballar nas actividades en primeiro lugar, as cales lles suscitarán dúbidas que poderán ser resoltas mediante a consulta dos contidos presentados en cada tema. Estas son soamente dúas propostas entre moitas. O profesorado poderá elixir calquera outra que lle resulte igualmente útil e considere máis efectiva.

4. Actividades propostas e recursos de avaliación

Cada tema remata co apartado 'Canto sei!', no que, a través de actividades H5P, se incide en aspectos interesantes do tema abordado. Dado que sempre se inclúe o apartado 'Dunha ollada', cunha infografía a xeito de resumo, considerouse interesante achegar a actividade 'crebacabezas' para fixar a atención e a memoria (cando menos visual) do alumnado.

O propio formato H5P _integrado en Moodle_ ofrece a posibilidade de consultar, en rematando as actividades, o informe final de avaliación. Así, o alumnado pode comprobar o resultado obtido en cada unha delas.

Ademais destas actividades, o profesorado, atendendo ao uso dos materiais, ás características e ao interese do alumnado, pode presentar outras tarefas para comprobar o grao de aprendizaxe.

Ignacio Portela Gómez-Macías